

AER non recibe a documentación solicitada a Fomento na comisión de seguimento das obras da ap-9



Unha visita de AER realizada en marzo deste ano ao Castelo de Rande desvelaba que **Audasa tiña paralizadas por Patrimonio as obras de 5 zapatas da ampliación da ponte de Rande**, xa que o proxecto construtivo de xuño de 2011, que o Ministerio de José Blanco e Audasa fabricaron na sombra (paralelo ao exposto ao público no 2010 e antes da licitación que se fixo no derradeiro consello de ministros do goberno de Zapatero), ameaza de cheo os restos da Fortaleza. Mesmo proxecto escuro (documentación agochada durante 3 anos) no que xa se pintaban as casas de Chapela que saíron no BOE de 2014.

A comparecencia do Concelleiro de Cultura solicitada por AER no pleno do mes de xaneiro desvelaba que a proposta feita no 2011 por AUDASA e Fomento, en resposta ás alegacións que fixo Patrimonio na exposición pública, foi rexeitada por este organismo e non se volveu facer outra ata dous anos despois de que Ana Pastor, actual Ministra de Fomento en funcións, licitara o proxecto.

AER pediu documentación sobre este asunto a través da comisión de seguimento das obras da AP-9, e levamos semanas e semanas de silencio ata que finalmente se nos “contesta” que non se atopan os nosos rexistros sobre os temas da AP-9. Dende AER denunciámos que hai problemas técnicos e legais detrás dos retrasos da ampliación da ponte de Rande que nos agochan. Dende Fomento non se contesta ás nosas preguntas e preocupacións. Por riba, Javier Bas, o presidente da comisión de seguimento, non denuncia esta actitude do Ministerio e de Audasa, e vai levando a treboada como pode xa que ten que salvagardar os intereses de partido.

Estes días saltaron as alarmas ao verse un camión formigoneira nas zapatas paralizadas por Patrimonio. En AER non sabemos se Patrimonio xa autorizou os traballos preto do Castelo, porque a Comisión non se convoca, tampouco se nos contesta aos rexistros pedindo documentación e incluso solicitamos a incorporación dun representante de Patrimonio na vindeira comisión, e non temos resposta de nin si nin non, ou de se xa se está xestionando.

Dende AER non podemos entender como nun país supostamente democrático se pode denegar e ocultar documentación pública á cidadanía.

Redondela, a 3 de xuño do 2016.